

O ESTADO ACTUAL DA NEGOCIACIÓN DO DECRETO DE RESIDENTES

EVOLUCIÓN DA NEGOCIACIÓN

Depois de varios contactos tentativos previos, a mesa negociadora constitúese o 14 de abril de 2005. Entre esa data e hoxe celebráronse un total de 6 reunións, sendo a última a do día 13 de outubro pasado. A próxima está prevista para o martes día 29.

TEMAS CLAVE DA NEGOCIACIÓN

Non estamos ante unha mera negociación de condicións de traballo dun colectivo laboral determinado (neste caso os residentes), senón ante a regulación da súa condición legal, ata agora inexistente (salvo a golpe de sentencias). Isto significa que **é tan importante o debate dos aspectos técnico-xurídicos como o das concretas condicións de traballo**. Por eso, as cuestións principais abordadas durante as sucesivas reunións foron as seguintes:

- definición do tipo de contrato
- definición da normativa xeral a aplicar
- dereitos e deberes básicos
- relación coas titorías
- efectos das avaliacións anuais e finais
- retribucións
- xornada
- dereitos de representación, negociación e folga

SITUACIÓN DA NEGOCIACIÓN

Na dinámica de negociación deste asunto hai que ter en conta un condicionante decisivo: o Ministerio regula, pero os Servizos de Saúde contratan e pagan. ¿Quén está na mesa negociadora?: o Ministerio. ¿Pero quen ten a última palabra?: as Comunidades. Así que o Ministerio se reunía un día na mesa cos sindicatos e outro día noutra mesa cos Servizos de Saúde. Así, a pesar de que se negocia dende abril, as Comunidades estiveron mirando para outro lado (ou simplemente boicoteando a negociación) ata outubro. Agora conseguimos que cambiase a actitude das Administracións Sanitarias e a negociación por fin avanza.

Os asuntos máis espinosos que quedan por resolver son os de xornada e retribucións. En xornada, queremos que se aplique a mesma que ten o persoal propio do

Sergas (no noso caso), que se garanta o descanso da garda, e que se limite o número total de gardas. En retribucións esiximos un salto notable respecto das actuais, para achegalas a unha porcentaxe razoable respecto das do persoal de plantilla.

No primeiro caso, o da xornada, non saberemos en qué punto estamos ata o propio martes, xa que o Ministerio se reúne cos Servizos de Saúde o luns 28 para determinar a súa proposta como Administracións. Polas xestións realizadas nestes días, sabemos de todas formas que o Ministerio está disposto a defender nesa reunión unha proposta similar á nosa, e se preven dificultades de aceptación por parte das Comunidades.

Das retribucións xa se publicitou estes días unha nova posición unitaria das Administracións, que nos presentarán formalmente na próxima mesa do 29/11/2005. Nos cadros anexos a estas notas se explica con detalle esa proposta, comparada coa situación actual e coas propostas sindicais. Sabemos que o Ministerio propoñerá que as subidas salariais resultantes do novo sistema retributivo se apliquen en tres anos, a razón do 25%-25%-50% respectivamente, cuestión que teremos que tratar de mellorar.

Si se consiguen salvar eses dous obstáculos, aínda quedarán **algúns aspectos por retocar para que se poda falar dun visto bó final ao Decreto**. Estes aspectos refírense:

- aos dereitos de negociación e representación sindical (para que non sexa obrigatorio que os MIR fagan eleccións sindicais por separado, o que inevitablemente reduciría notablemente a súa capacidade reivindicativa dado o carácter transitorio da residencia),
- ao mantemento dos dereitos sobre acción social (100% nas IT, garderías, etc) e
- á mellora do valor da atención continuada (gardas no caso dos médicos, noites e festivos no caso da enfermería).

E quedarían asimesmo matices de redacción importantes sobre a cobertura da responsabilidade civil e a garantía da supervisión permanente.

O Ministerio ten agora moita prisa e está forzando o ritmo para conseguir rematar a negociación e publicar o Decreto antes de fin de ano para garantir que entre en vigor en xaneiro. Nós tamén queremos esa vixencia, anque obviamente non a calquera precio.

De feito, é esperable que pretendan deixar o decreto pechado (ou só pendente de matices) o mesmo martes. Si se concretan estas propostas comentadas debemos recoñecer que hai avances evidentes na negociación, pero **debemos manter a prudencia e a firmeza na mesa negociadora** ata que o resultado final se concrete nun novo texto sustancialmente mellorado sobre o borrador anterior. Só entón poderemos facer unha valoración de conxunto sobre o apoio ou a oposición ao Decreto. Será despois do día 29.